



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dez de marzo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Interventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado don Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: MURAS.- Humanización do Campo da Feira do Viveiró.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MURAS.- Humanización do Campo da Feira do Viveiró, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró, redactado por D. Alejandro Peña López, (L2 ingeniería).
2. Informe de Supervisión favorable, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 13/01/2023, con CSV: IV7BSKHD3NO73WHI2JWXGJSFAE.
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BESLSCAFD7SU24MMQN5QRAU.
4. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7BTUL6L4J4XHM46ZOGOQSSIQ.



5. Acta de Reformulo Previo, relativa aos terreos do Concello de Muras, de data 27/09/2023 e relativa a terreos da Deputación de data 05/03/2023 con CSV: IV7BESLS2FJ3RFMKSA4I42F4U.

6. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B2PLSBPX32VEKXRG4IITPPY.

7. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

8. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BE3T3YFWMRZPJCTUDGMBBKM.

9. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BE3TZBAMS3OF6YRQAIXTEAQ.

10. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 441.874,00 €, dos cales 76.688,88 € corresponden ao IVE (21%), de acordo ao seguinte financiamento:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO MURAS	TOTAL
	RC	IMPORTE		
2022	22022/16617	204.500,00€	--	204.500,00 €
2023		204.500,00€	32.874,00€ (RC:22023/5596)	237.374,00 €
TOTAL	220229/824	409.500,00€	32.874,00€	441.874,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BALEIRA- POL.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0406 “Martín (LU-P-5401) – Crende (LU-P-4606)”, P.K 0+000 a 5+077.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BALEIRA- POL.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0406 “Martín (LU-P-5401) – Crende (LU-P-4606)”, P.K 0+000 a 5+077, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7B3THJYB6NUXXO4N6R4ZBX4M.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B3SR73NXKXCNT4JXMID2SBY.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B3SR4NDRS5SXMVVHV4HRW6I.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B3THOKAZ4JTG YQR5N6F36GU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B3TLKP45TZHF3AN54CNQOM4.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BEXZNP UUKVLF4AZFWMBHSE4.



8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7BEXZDFUFK3W5TYQWW642TAA.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BALEIRA- POL.- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0406 “Martín (LU-P-5401) – Crende (LU-P-4606)”, P.K 0+000 a 5+077, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 121.961,87 €, dos cales 21.1669,94 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: COSPEITO – CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-*

P-1611 “Feira do Monte (LU-111) – Castro”, P.K. 2+450 a 2+750; 5+200 a 6+500 e 7+300 a 8+600.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: COSPEITO – CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Feira do Monte (LU-111) – Castro”, P.K. 2+450 a 2+750; 5+200 a 6+500 e 7+300 a 8+600, consta no mesmo:

1. proxecto da obra indicada, con CSV: IV7B2HTTBTZCJGPKVVQ56I36EA.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2HTSPQZZQTHM3VEBKDYDDEE.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B2HTSF74O3D7C7VNCO5CGIQ.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B2HSLBG55SR6YU7Q4X77MM.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B2HZ2BU66R2ZMTRAHF7QEMM.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BEQL2NF6ZLK5D2VGQGRJQGM.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BEQLSNBN73JO4AZVCCNKTI.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: COSPEITO – CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1611



“Feira do Monte (LU-111) – Castro”, P.K. 2+450 a 2+750; 5+200 a 6+500 e 7+300 a 8+600, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 164.297,78 €, dos cales 28.514,49 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO- GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 17+438 a 27+962.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO- GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 17+438 a 27+962, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7B2PRKF7RTVHW4XQYS6VXOOM.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2AD23FRSXXN2AHVW45AHEA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B2AD3NP4MZ7MYANM56DZQLY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B2ADYJVX3TOXIVR6G54ZE54.

5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B2GPKIB62R37YDQ6TMBZVGI.

6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BEWAICEXNITG3SIMXEELD4I.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BEWAOJVH6JXZTWPQUER7GEQ.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO- GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 17+438 a 27+962, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 993.675,64 €, dos cales 172.456,10 € corresponden ao IVE (21%).”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Guntín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 98-99-100-101 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guntín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (98-99-100-101) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no Plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/ investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Guntín presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUNTÍN	98	REPARACIÓN VIARIA NOS NÚCLEOS DE SANTOALLA E MOUGÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	47,65€
	99	REPARACIÓN VIARIA NOS NÚCLEOS DE SAN PAIO, PIÑEIRAS E ACCESO A MOTA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	29,37€
	100	REPARACIÓN VIARIA DOS ACCESOS A LOUSADELA, BORREIQUES E SAN ROMÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	1.026,89€
	101	REPARACIÓN VIARIA DE ACCESO A BUSTELO E RAMAL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	6.715,39€

5. Por escrito de data 02/03/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
GUNTÍN	REM	REPARACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE PRADEDA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	7.819,30€	7.819,30€



6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Guntín, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guntín e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
GUNTÍN	REM	REPARACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE PRADEDA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	--	7.819,30€	7.819,30€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello O Vicedo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento Nº 266 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Vicedo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (266) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no Plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de O Vicedo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O VICEDO	266	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A SERANTE E COVELO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	7.552,92€

5. Por escrito data 06/03/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O VICEDO	REM	ACONDICIONAMENTO DE VÍAS PÚBLICAS EN VALDESUSO E CARREXAS (PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DO VICEDO)	1531.76201	1.674,29 €	7.552,92 €	9.227,21 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Vicedo, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Vicedo e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O VICEDO	REM	ACONDICIONAMENTO DE VÍAS PÚBLICAS EN VALDESUSO E CARREXAS (PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DO VICEDO)	1531.76201	1.674,29 €	7.552,92 €	9.227,21 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar na urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins común de Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), consta no mesmo:

1. Solicitude do Concello de A Fonsagrada con número de expediente no GTM: 2023/PES_03/004161, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7BEUAKEFFYTOW6WZ4SJZZV6I.

3. Borrador de convenio con CSV: IV7BE737GFPKX67M4VUVOE3WGA.

4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7BEUAL3JJ3WX6347XC6DZFII.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/ adquisición de terreos), con un orzamento total de 2.701.985,00€ euros, do seguinte teor:

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Carlos López López, con N.I.F. ***7112**, que actúa en nome e representación do Concello de A Fonsagrada, con C.I.F. P-2701800-A e sé social en Praza do Concello, s/n – 27100- A Fonsagrada- , de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O 9 de xullo de 2020 formalizouse o Protocolo de actuación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a construción dun área industrial en A Fonsagrada. En data 26/07/2021 asinouse convenio interadministrativo entre a Deputación e o Concello de A Fonsagrada para a redacción do proxecto da obra obxecto deste convenio.

Segundo.- Segundo o artigo 36 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, son competencias das Deputacións Provinciais, “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “ a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión ...”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas

Neste mesmo senso se pronuncia a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, engadindo no seu artigo 118 que “compete ás Deputacións



provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.”

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Terceiro.- O Concello de A Fonsagrada, de acordo co artigo 25 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, e consonte a este precepto, o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos de lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras en materias como urbanismo, medio ambiente urbano, infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, (...)

O concello de A Fonsagrada, é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procurar unha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Cuarto.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio. Ademais, tendo en conta a regulación recollida no artigo 3.3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, o obxecto deste convenio encaixa dentro daqueles supostos que non se consideran como o exercicio de novas competencias, resultando de aplicación

os mecanismos bilaterais de colaboración consonte aos artigos 193.4 e 200 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Quinto.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sexto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:



a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sétimo.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro. Agora ben, as normas do capítulo VI (sobre convenios) non se aplica as encomendas de xestión e aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Oitavo.- A relación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o concello de A Fonsagrada exercen competencias compartidas en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, respecto aos concellos como competencias propias e a Deputación na súa atribución de cooperación e asistencia técnica, económica e xurídica; e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro

do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, para dar cumprimento á aspiración de mellora das infraestruturas viais, mobilidade e mesmo medio ambiente urbano, e enmarcase no desenvolvemento das potestades de auto organización e sistemas de cooperación horizontal, configúrase como unha acción pública colaborativa, institucionalizada mediante convenio.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de A Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/ adquisición de terreos).

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN (90%)	ACHEGA CONCELLO (10%)
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€	Anualidade 2023: 67.549,62€
	Anualidade 2024: 727.262,16€	Anualidade 2024: 67.549,62€
	Anualidade 2025: 727.262,17€	Anualidade 2025: 67.549,63€
	Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.431.786,50€	270.198,50€
TOTAL	2.701.985,00€	

O obxecto do convenio está financiado no 90% pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 89.919,27€



(xa que a redacción do proxecto de expropiación inclúese como obriga da Deputación neste convenio, sendo imposible unha valoración exacta, e o proxecto de urbanización está pendente de autorizacións sectoriais, que poderán requirir modificacións en dito proxecto, que de existir, conlevarán addenda de modificación do convenio).

O Obxecto do convenio está financiado no 10 % polo Concello de A Fonsagrada e a distribución do importes (por anualidades) que consta no presente convenio poderá ser obxecto de redistribución a instancia do concello e a través dunha addenda ao convenio.

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, de acordo co proxecto de execución do investimento que foi obxecto de licitación ao efecto, unha vez sexa definitivo e consten nesta Deputación as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do investimento, incluído a dispoñibilidade dos terreos.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio correspóndese coa provincia de Lugo; e, concretamente, no termino municipal de A Fonsagrada.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 2.431.786,50€, (90% do total inicialmente previsto), con cargo ao orzamento das anualidades indicadas.

2) Redactar o proxecto de expropiación necesario para que o Concello tramite as actuacións necesarias para a dispoñibilidade / titularidade dos terreos.

3) A Deputación actuará como órgano de Contratación e executará as obras de acordo co proxecto de execución do investimento que foi obxecto de licitación ao efecto, con medios propios non personificados e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP, conforme aos prazos establecidos no proxecto, incluída a recepción das obras nos termos legalmente establecidos,

unha vez sexa definitivo e consten nesta Deputación as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do investimento, incluído a dispoñibilidade dos terreos.

4) Asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións obxecto deste Convenio, con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP.

5) Remitir ao concello de A Fonsagrada comunicación da recepción das obras, ao efecto da entrega das mesmas, para a súa posta en funcionamento, e adecuado mantemento.

6) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP.

3.2. Concello de A Fonsagrada

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de A Fonsagrada comprométese ao seguinte:

a) Achegar como contribución ao fin común o importe de 270.198,50€ (10% do total inicialmente previsto) ou cantidade que corresponda de acordo co indicado no apartado 3.3 desta cláusula.

b) Poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución do proxecto de obra.

c) Aportar permisos e autorizacións sectoriais que sexan necesarias, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal sen custe para a Deputación.

d) A dotar ao polígono industrial dos servizos necesarios de auga e sumidoiros, con capacidades suficientes para a demanda industrial, limpeza, recollida de lixo e alumeado público

e) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, unha vez entregados pola Deputación Provincial, adicalos ao uso e fin público e conservalos e mantelos, segundo a finalidade.

f) Realizar a conservación dos espazos públicos do parque industrial.

g) Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos, e en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto de lograr o fin do presente convenio, así como facilitar a información requirida en relación coa relación de cooperación obxecto do convenio.

h) Establecemento de compromisos con empresas para a súa instalación no futuro parque industrial, así como a xestión de parcelas nas condicións establecidas ao efecto.

i) Asumir as responsabilidades que puideran ser derivadas de incumprimentos das obrigas do concello.

j) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP.



3.3. Aforros ou baixas.

No caso que o investimento se executara nun prezo inferior ao previsto inicialmente, as baixas na licitación, aforros ou diminución nos custos previstos poderán destinarse a outras finalidades do obxecto do convenio, (expropiacións ou outras), previa addenda ao efecto, ao igual que si con motivo de reformado ou modificación do proxecto de urbanización ou cando se realice o proxecto de expropiacións supuxera un incremento dos importes previstos, estes serán reaxustados en addenda de modificación do convenio ao efecto.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

a. Achegas.

1. Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo afrontará os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo co desglose que figura na cláusula primeira, ata o importe máximo indicado.

O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
EXPROPIACIÓNS / ADQUISICIÓN TERREOS	Anualidade 2023: 89.919,27€	1510.76200
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA.	Anualidade 2023: 160.080,73€	1510.65009
	Anualidade 2024: 727.262,16€	
	Anualidade 2025: 727.262,17€	
	Anualidade 2026: 727.262,17€	

A deputación adquire o compromiso de incluír nos orzamentos do ano 2024, 2025 e 2026 as cantidades indicadas tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Achega do Concello:

O Concello de A Fonsagrada efectuará a achega prevista na cláusula primeira, de comunion coas anualidades indicadas.

O Concello fará efectivo o pago, no prazo dun mes a contar dende a recepción das comunicacións das certificacións de obra enviadas pola Deputación e na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423 a aportación económica comprometida que corresponda.

3. Titularidade dos resultados:

O Concello de A Fonsagrada, será titular do resultado da cooperación: Urbanización do polígono industrial na Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), unha vez entregadas as obras pola Deputación Provincial, coa obriga de apertura e dedicación ao fin e uso público que lle son propios, conservación e mantemento.

B. Xustificación.

O Concello de A Fonsagrada, presentará xustificación dos gastos relativos á expropiación/adquisición dos terreos, achegando á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

1. Copia das follas de aprecio dos bens expropiados ou acta de compra venta das adquisicións.

2. Certificación expedida pola Secretaría que conteña:

O custo total, con identificación do titular, identificación da parcela e o xusto prezo acadado (expropiación) ou prezo de compra e data pagamento ou consignación. No caso dos gastos de publicacións reflexarase o medio (acredor) e data da publicación, número de factura, importe e data de pago.

Que as obrigas se atopan recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

3. Declaración responsable que conteña:

Que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio interadministrativo, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.



Que se faga constar que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Que se faga constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Xustificante (fotografías) da difusión da cooperación interadministrativa no formato (cartel/pegatina/ou similar) segundo modelo facilitado polo Gabinete de comunicación, debidamente cuberto onde se poida comprobar a súa colocación na obra ou investimento.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das certificacións de obra e facturas e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respetando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015.

Entenderase necesario a modificación do convenio, no caso de efectuar reformado ou modificación do proxecto de execución da obra de urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, derivado de condicións impostas por autorizacións sectoriais necesarias así como variacións no proxecto de expropiación redactado ao efecto.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015.

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.



5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, o concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas. De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego.

O concello autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel de obra no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Carácter do convenio interadministrativo.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias

compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretario dou fe”.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 2.431.786,50 euros, dos que 250.000,00€ son con cargo a anualidade de 2023; 727.262,16€ son con cargo a anualidade de 2024; 727.262,17€ son con cargo a anualidade de 2025 e 727.262,17€ son con cargo a anualidade de 2026.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024, 2025 e 2026 as cantidades sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela para cooperar no financiamento da “Reposición de campo de herba artificial na área recreativa de A Marosa” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Burela (EXP- 2023/PES_03/003441) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reposición de campo de herba artificial na área recreativa de A Marosa”, por importe total de 233.854,16 € (dos que 187.083,36 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 46.770,80 € serán financiados polo Concello de Burela), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa



formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.



Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Burela ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2.da LRBRL, nas seguintes materias:

Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal

entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 187.083,36 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reposición de campo de herba artificial na área recreativa de A Marosa”, por importe total de 233.854,16 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela para cooperar no financiamento da “Reposición de campo de herba artificial na área recreativa de A Marosa” ano 2023.



Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Alfredo Llano García, Alcalde, que actúa en nome e representación do Concello de Burela, con N.I.F P-2706800F, con sede en Rúa Eijo Garay, 20, 27880, Burela, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.



Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle

apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL



(reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei

de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Reposición de campo de herba artificial na área recreativa de A Marosa	233.854,16 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
187.083,36 €	46.770,80 €
TOTAL: 233.854,16 €	



As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Burela.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo:

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (187.083,36€).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Burela:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Burela, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 46.770,80 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de outubro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 187.083,36 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Burela aportará para a execución do convenio o financiamento de 46.770,80 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B. Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do concello de Burela.

C. Xustificación da achega económica.



O prazo inicialmente previsto para que o concello de Burela aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 15 de novembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.



Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a. Velar polo cumprimento deste convenio.
- b. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o



desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE BURELA
Asinado: Alfredo Llana García

O SECRETARIO XERAL,
Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 187.083,36 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade doa asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Rábade para cooperar no financiamento da actuación “Renovación de peche, rehabilitación de graderíos e pavimentación zona peonil no campo de fútbol de Rábade “Catro Ventos” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Rábade (EXP- 2023/PES_03/003811) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Rábade para cooperar na renovación de peche, rehabilitación de graderíos e pavimentación peonil no campo de fútbol de Rábade “catro ventos” por importe total de 199.999,99 € (cuxo importe será financiado pola Deputación), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos



administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as

Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os



subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”



Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBR e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e

na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Rábade ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2.da LRBRL, nas seguintes materias:

Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre
Equipamentos da súa titularidade

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes



ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 199.999,99€, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Rábade para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na renovación de peche, rehabilitación de graderíos e pavimentación peonil no campo de fútbol de Rábade “Catro ventos”, ano 2023, por importe total de 199.999,99 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Rábade para cooperar no financiamento da actuación “Renovación de peche,

rehabilitación de graderíos e pavimentación zona peonil no campo de fútbol de Rábade “Catro ventos” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Francisco Xosé Fernández Montes, Alcalde Concello de Rábade, con N.I.F. P-2705600A e sede na praza 28 de maio, s/n, 27370, Rábade, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.-Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)“lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na

súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración



entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.



Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Rábade en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Renovación de peche, rehabilitación de graderíos e pavimentación peonil no campo de fútbol de Rábade “catro ventos”	199,999,99 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
199.999,99 €	0,00 €
TOTAL: 199.999,99 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Rábade.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (199.999,99€)

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Rábade:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Rábade, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



3. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de xuño de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 199.999,99 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Rábade aportará para a execución do convenio o financiamento que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido para a súa correcta execución.

B. Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do concello de Rábade.

C. Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Burela aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de agosto de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,



declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.



Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto

(letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE RÁBADE
Asinado: Francisco Xosé Fernández Móntes

O SECRETARIO XERAL,
Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 199.999,99 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar na celebración do “Ano Francisco Fernández del Riego (Letras Galegas 2023)."*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

Visto o escrito remitido dende o Concello de Lourenzá (EXP- 2023/PES_03/003312) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do “ano Francisco Fernández del Riego (Letras Galegas 2023)”, por importe total de 60.000,00€ (que serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36,

letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se

formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.



Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá



como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Lourenzá ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2.da LRBRL, nas seguintes materias:

Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Promoción da cultura e equipamentos culturais

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e,

que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 60.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar na celebración do “Ano Francisco Fernández del Riego (Letras Galegas 2023) por importe total de 60.000,00 € cuxo contido é o seguinte:



Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento do “Ano Francisco Fernández del Riego (Letras Galegas 2023).

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Rocío López García, Alcaldesa, que actúa en nome e representación do Concello de Lourenzá, con N.I.F P-2702700B, con sede en praza Conde Santo, 27760, Lourenzá, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración



e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre

administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a



súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da

Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
ANO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO (LETRAS GALEGAS 2023).	60.000,00 € (IVE engadido)



Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
60.000,00 €	0,00€
TOTAL: 60.000,00 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lourenzá.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (60.000,00€).

Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Lourenzá:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lourenzá, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio o financiamento que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarios para a súa correcta execución.

Executar a actuación na data límite do 30 de decembro de 2023.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Rábade aportará para a execución do convenio o financiamento que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será da cidadanía.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Lourenzá aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este



prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que

este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da

Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

A ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ
Asinado: Rocío López García

O SECRETARIO XERAL,
ASINADO, JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 60.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa a aprobación se procede do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento do “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” (Anualidade 2023).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por dona Elba Veleiro Fernández, en nome e representación do Concello de Vilalba, con CIF: P2706500B, con RE, nº: 2023RT002302 de data 17/02/2023, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” na anualidade 2023, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público



vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo refírense ao proxecto músico cultural e turístico denominado FIV2023 (Festival Independente de Vilalba) na anualidade 2023, responden a un interese xeral en virtude da promoción cultural, musical e turística que se pretende co mesmo, enfocada a promoción do territorio.

O Festival Independente de Vilalba, celebrarase durante as datas 28, 29 e 30 de abril de 2023 na explanada do campo da feira de Vilalba (Pavillon municipal de deportes con una capacidade dunhas 8.000 persoas) e un segundo escenario na Praza da Constitución de Vilalba, con una capacidade estimada de unhas 2.500 persoas. É un festival que naceu no ano 2008 como un evento sen ánimo de lucro, convertíndose ao longo das súas 12 edicións nun referente do Indie-Rock nacional, e un motor económico para a vila de Vilalba. Achegando a cultura musical máis actual a cidade, o FIV xera un impacto positivo en todos os aspectos: económico, turístico e social.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación

no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de subministros e de servizos nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ o que representa o 11.76% da actuación. O Concello de Vilalba comprométese aportar a cantidade de 343.245,83€ como fondos propios da administración solicitante o que representa o 80,71% da actuación, e indica que conta con outras fontes de financiamento (Patrocinios privados) por importe de 32.000,00€, o que representa un 7.53% da actuación, resultando un importe total orzamentario do proxecto de 425.245,83€, e aportara os permisos e autorizacións para a súa correcta execución, e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” (anualidade 2023). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento do “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)”, (anualidade 2023) polo importe estimado total de 425.245,83€, co seguinte teor:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento do “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)”. (anualidade 2023).

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e

representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra dona Elba Veleiro Fernández con NIF:****2471**, que actúa en nome e representación do Concello de Vilalba, con C.I.F. P2706500B, e sede social na Plaza da Constitución nº1, 27800 Vilalba (Lugo) na provincia de Lugo, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcaldesa.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen:

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letras h) e m) da LBRL).

Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei de Turismo de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.



A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118. letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b).

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo art. 6.1 letras b) e c) da Lei 7/2011 de 27 de outubro, de Turismo de Galicia establece ademais as atribucións das entidades supramunicipais neste ámbito, sen prexuízo das competencias establecidas polo réxime local.

O artigo 91.2 da lei 7/2011, dispón que as actuacións en materia de promoción e fomento do turismo de Galicia se rexerán polos principios de eficacia e economía de medios, buscándose a máxima coordinación e colaboración entre as administracións públicas con competencias no ámbito turístico e entre as mesmas e o sector privado.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns na celebración do “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)”, que beneficia ao Concello de Vilalba, integrado na comarca da “Terra Cha”, xunto co territorio provincial.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).



Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio inter-administrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.

Sétimo.- A maior abastanza do previsto na lexislación de réxime local, a cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

As técnicas de cooperación previstas no artigo 144 da LRXSP, aluden entre outros aspectos, a prestación de medio materiais, económicos ou persoais a outras administracións.



Estas técnicas de cooperación formalízanse mediante convenio interadministrativo (Art. 144.2 da LRXSP).

Oitavo.- O Concello de Vilalba, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 5 e 6 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia recollen as competencias turísticas dos municipios e das entidades locais supramunicipais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento do “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” na anualidade 2023.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas doas Administracións comprométense a realizar e financiar os gastos estimativos seguintes, segundo se reflicte no orzamento presentado polo Concello de Vilalba.

Gastos Caches Artísticos	207.575,50€
Gastos Comunicación	19.831,90€
Gastos Difusión e publicidade	9.701,78€
Gastos Persoal	49.164,84€
Gastos produción técnica	124.451,81€
Gastps Hospitalidade de Artistas	4.840,00€
Gastos Zona Acampada	3.630,00€
Gastps SGAE e outros	6.050,00€
TOTAL ORZAMENTO ESTIMADO	425.245,83€

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ACTIVIDADE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO	ACHEGAS PATROCINIOS PRIVADOS	CUSTO TOTAL ESTIMADO (IVE ENGADIDO)
FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)	50.000,00 €	343.245,83 €	32.000,00€	425.245,83€

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á comarca da “Terra Cha”, na que está incluído o termo municipal de Vilalba.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:



1. A financiar a actividade obxecto deste convenio no referente á “FIV2023 (Festival Independente de Vilalba)” na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta (50.000,00€).

2. En caso de producirse baixas na licitación ou execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Vilalba.

No caso de que as baixas na licitación ou execución sexan superiores á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Vilalba, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese da organización, execución, materialización da actividade, das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado e das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e onde se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

3.2. O Concello de Vilalba:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Vilalba comprométese ao seguinte:

1. Financiar a actividade obxecto deste convenio cas apartacións indicadas na cláusula cuarta, (achega do Concello por importe de 343.245,83€ e achegas por patrocinios por importe de 32.000,00€), debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Ceder os espazos de titularidade municipal para a realización da actividade ou instalación de infraestruturas, de ser o caso; así como tramitar os informes técnicos municipais e conceder as autorizacións, licenzas e permisos de competencia municipal necesarios para a execución da actividade.

4. Executar a actividade na anualidade 2023, ca data límite de 31 de decembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

9. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, aplicando a Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias.

10. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Os representantes de ambas partes, comparecerán, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional de calquera dos eventos ou dos seus resultados.

As partes autorízanse, reciprocamente, coa sinatura deste Convenio a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere adecuados, a colaboración estipulada neste documento, facendo constar a colaboración de ambas administracións públicas.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas:

1.- Achega da Deputación:



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Vilalba, e de acordo co orzamento previsto, financiará inicialmente as actuacións descritas co importe de 343.245,83€, e cas achegas por patrocinios por importe de 32.000,00€, que poderán diminuírse de haber baixas na licitación ou execución; e, así mesmo, financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B. Titularidade do resultado da cooperación.

A titularidade dos resultados será compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Vilalba e, aos limítrofes da comarca da “Terra Cha” e, en xeral, a toda a provincia.

C. Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que o Concello de Vilalba aporte a Deputación de Lugo a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio sera ca data límite do día 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. A conta xustificativa a aportar terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo Concello de Vilalba, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable emitida polo responsable do Concello de Vilalba na que faga constar que se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte a Seguridade Social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Vilalba non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Vilalba, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Fotografías dos carteis ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024,



respectando en todo caso o límite temporal do artigo 19, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Vilalba incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, Concello de Vilalba deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Protección de datos.



O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación supletoria a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
Asdo.: José Tomé Roca

A ALCALDESA DE VILALBA,
Asdo: Elba Veleiro Fernández

“O SECRETARIO XERAL,
Asdo: José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00€, en concepto de achega económica por parte da Deputación de Lugo, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Vilalba, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



5.- PROPOSTA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PUBLICO PROVINCIAL DENOMINADO INSTALACIÓNS EN BELESAR NO CONCELLO DO SAVIÑAO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o cese na prestación do servizo para a explotación das instalación provincial Belesar no Concello do Saviñao por cumprimento do prazo polo que fora adxudicado por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada con data 12 de abril de 2019, cuxas prorrogas foron aprobadas por Resolución de Presidencia de data 12 de abril de 2021 e por Resolución de Presidencia de data 5 de abril de 2022, sendo o día 12 de abril de 2023 a data na que se cumprirá a previsión do prazo inicial e das súas prórrogas.

Tendo en conta o contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, e que o inmovible se identifica baixo o número de referencia catastral 001099500PH01E0001JI.

Tendo en conta que aos efectos da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovible provincial de natureza xurídica de ben demanial, a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio con data do 10 de marzo de 2023 e CSV IV7BEC76YFZ6YTZIYRWHC4BFAI informa sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento ten por obxecto a ocupación privativa do dominio público provincial cuxa ocupación, incluso mediante obras ou instalacións fixas, permitirá a explotación do denominado instalacións Belesar amparada mediante o outorgamento dunha a concesión demanial.

Ademais informa que o outorgamento da concesión demanial efectuarase mediante un procedemento que será de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovible para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.

A Intervención Provincial con data do 10 de marzo de 2023 baixo o CSV IV7BEDCLOD6PZHHTCQW4D7XPAQ emite informe no que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do dito ben de dominio público.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Instalacións en Belesar no Concello do Saviñao.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

3º.- Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO RELATIVO Á CONCESIÓN DEMANIAL PARA A EXPLOTACIÓN DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO “INSTALACIÓNS EN AGUASMESTAS”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que en relación ao asunto do epígrafe constan no expediente as seguintes actuacións:



1. Que, por acordo da Xunta de Goberno de 23 de marzo de 2015, se aprobou o prego de condicións do concurso para a concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado “Instalacións en Aguasmestas” que se publica o BOP nº 081 de 11 de abril de 2015.

2. Que, por acordo da Xunta de Goberno de 8 de maio de 2015, se resolveu a adxudicación do citado procedemento de concesión demanial para a explotación do denominado Centro de Turismo Activo Ribeira Sacra a favor do único licitador concorrente, a empresa Tourgalia Gestión, SL, e cuxa notificación consta recibida polo adxudicatario o 19 de maio de 2015.

3. Que derivado da solicitude de modificación das condicións da concesión demanial que formulou o adxudicatario, Tourgalia Gestión, SL, o 10 de maio de 2017, a Xunta de Goberno Provincial, o 9 de xuño de 2017, acordou “suspender o acto de perfeccionamento e formalización do acordo entre esta Excma. Deputación Provincial e a sociedade Tourgalia Gestión, SL, para a concesión demanial do ben inmovible provincial denominado “Instalacións en Aguasmestas”, e por tanto da efectividade da presente concesión demanial, ata a obtención da preceptiva licenza de actividade. (...).

4. Que, o 30 de xullo de 2018 (registro de saída 9712), se remite requirimento ao adxudicatario no que se expresa que por esta Deputación Provincial se realizaron as actuacións que lle corresponden como titular do inmovible e que para a obtención da preceptiva licenza de actividade, unicamente falta a realización das actuacións que corresponden ao adxudicatario, Tourgalia Gestión SL, posteriores á formalización da concesión.

5. Que se requiriu ao adxudicatario para que, no prazo dun mes, subscribise o documento de formalización e perfeccionamento da dita concesión demanial ou presentara expresa renuncia. A dita notificación consta asinada o 6 de agosto de 2018.

6. Que, non obstante, transcorrido o prazo establecido dun mes, non consta contestación ao requirimento realizado por esta Deputación Provincial polo que non se procedeu á devandita subscripción do documento de formalización e perfeccionamento entre esta Deputación Provincial e o adxudicatario.

7. Que, previo ao inicio do procedemento de caducidade do presente expediente, por Resolución da Presidencia de 24 de xaneiro de 2019, concedeuse ao interesado un prazo de 15 días para que manifestase o que estimase oportuno na defensa do seu interese.

8. Que, dentro do dito prazo, o 11 de febreiro 2019 Tourgalia Gestión SL presentou alegacións.

9. Non obstante, a Xunta de Goberno do 31 de maio de 2019 acorda iniciar o procedemento de caducidade e a incautación do aval que, como garantía, depositou Tourgalia Gestión SL.

10. Dito acordo foi notificado á mercantil que presenta alegacións o 4 de xullo de 2019 das que se da traslado ao Servizo de Turismo e a Unidade de Proxectos que respectivamente informan o 4 de novembro e o 4 de decembro de 2019.

11. Con data do 17 de xaneiro 2020 baixo o CSV IV6RG3KOJYNYXCW3245N6FSRA4 redactouse o informe e na mesma data, baixo o CSV IV6RG3RTDYZDRKGKQYWNMUKDAI, a proposta para someter á aprobación da Xunta de Goberno a declaración de caducidade, o arquivo das actuacións e á incautación do aval, referidos no presente procedemento.

12. Previa a inclusión do asunto á aprobación da Xunta de Goberno a Intervención Provincial con data do 17.02.2020 baixo o CSV IV66XWXCLP5Z5PU46NFF65SW4U require un informe xurídico sobre as alegacións presentadas con data do 4 de xullo 2019 por Tourgalia Gestión SL, en particular as alegacións 2º, 3º e 4º.

13. A Secretaría Xeral Adxunta con data do 08.07.2021 baixo o CSV IV7E6LTMHMPLJNJ3AI74A3SCN4, expón que as consideracións que require a Intervención sobre as ditas alegacións presentadas por Tourgalia Gestión SL non modificaría o contido substancial do informe xa emitido con data do 17 de xaneiro de 2020 por canto a declaración de caducidade non é cuestionada polo interesado (...).

14. A Intervención Provincial con data do 14.10.2022 baixo o CSV IV7A6PL4NZHJWXPZUDWMKQ2RCU insiste na necesidade da clarificación da imputación da



causa da non formalización da concesión formuladas nas alegacións presentadas con data do 4 de xullo 2019 por Tourgalia Gestión SL, en particular as alegacións 2º, 3º e 4º. Con todo mentres tanto, expresa que non procede poñer impedimento a declaración de caducidade de acordo co estipulado no art.95 da Lei 39/2015.

Atendendo ao contido do artigo 95 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e, en particular aos efectos do seu número 3 do seguinte teor literal: La caducidad no producirá por sí sola la prescripción de las acciones del particular o de la Administración, pero los procedimientos caducados no interrumpirán el plazo de prescripción.

En los casos en los que sea posible la iniciación de un nuevo procedimiento por no haberse producido la prescripción, podrán incorporarse a éste los actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse producido la caducidad. En todo caso, en el nuevo procedimiento deberán cumplimentarse los trámites de alegaciones, proposición de prueba y audiencia al interesado.

Polo exposto, pola atribución do artigo 59.12 do noso Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a caducidade do procedemento relativo á concesión demanial para a explotación do ben de dominio público provincial denominado “Instalacións en Aguasmestas”.

2º.- Iniciar un novo procedemento conducente á clarificación da imputación da causa da non formalización da concesión demanial tendo en conta as alegacións presentadas con data do 4 de xullo 2019 por Tourgalia Gestión SL, en particular as alegacións 2º, 3º e 4º.

3º.- Dar traslado do expediente á Asesoría Xurídica para a emisión do informe xurídico que procedera e, en consecuencia, dilucide sobre a incautación do aval que fora depositado no procedemento orixinario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS CIRCUITOS TEATRAIS (AFECCIONADO E PROFESIONAL) E DO CIRCUITO DE CINEMA NA PROVINCIA DE LUGO, 2023.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: “(...) A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.

Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.

De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.



Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE reconece o dereito das comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural

de Galicia, de xeito que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma pertencelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira pertencelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmoables, as manifestacións



inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Circuito de teatro afeccionado; un Circuito de teatro profesional e un Circuito de cinema para a promoción, a divulgación e o fomento das actividades culturais de natureza escénica-teatral, cinematográfica e audiovisual dirixidas ao público infantil e adulto de toda a provincia de Lugo, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais e centros de ensino. Estas actividades poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores.

No caso dos circuítos teatrais (afeccionado e profesional) estará dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais a través da contratación de diferentes grupos de teatro afeccionado e/ou de compañías de teatro profesional, segundo corresponda á modalidade destes 2 circuítos de teatro.

O que se pretende con estes Circuítos é facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes xéneros (comedia, traxedia,

traxicomedia, drama, títeres...), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental,..., abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.

No caso do Circuito de Cinema preténdese difundir os proxectos cinematográficos e/ou audiovisuais de factura galega, os proxectos de cinema non comercial, a proxección de filmes dobrados en lingua galega ou ben difundir a participación de actores e actrices galegos, mediante a divulgación dunha filmografía con vinculación- directa ou indirecta- coa promoción da cultura galega.

Con este circuío de Cinema fomentárase o enriquecemento da programación cultural dos Concellos, das asociacións culturais e dos centros de ensino de toda a provincia de Lugo.

Os circuítos teatrais (afeccionado e profesional) e o circuío de cinema encádrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:

Incentivar a produción e o consumo cultural.

Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social.

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o cinema a maillo teatro aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás asociacións culturais de toda a provincia.

Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza teatral e cinematográfica nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.



Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.

Complementar a programación artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das asociacións culturais se veñen desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).

Estes circuítos de teatro e de cinema nacen coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes escénicas e audiovisuais representadas pola participación de grupos teatrais afeccionados e profesionais ou ben pola organización, a distribución, a proxección e a divulgación de filmografía con temática inclusiva, reivindicación social, transmisión de valores fundamentais (visibilización da realidade de colectivos diferentes, igualdade de xénero e raza, o fomento da diversidade, etc... dando cabida a variantes que van dende o musical con trasfondo social, a comedia ou o drama, pasando pola intriga- se fose o caso- intentando que, de acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomente o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión ás xeracións futuras de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...

Debemos sinalar que, no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións e as artes do espectáculo.

O período de execución destes circuítos teatrais e de cinema materializarase dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2023.

De igual xeito, estes circuítos se materializarán – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa materialización será de 233.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

Circuíto Teatro Afeccionado: 80.000 €
Circuíto Tetro Profesional: 85.000 €
Circuíto Cinema: 60.000€
Pago dos dereitos da SGAE a que puidera dar lugar a organización dos circuítos de Teatro (se fose o caso), agás o Circuíto de Cinema: 8.000 €

Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais e dos centros de ensino; á difusión das programacións destes circuítos a todos os recunchos da xeografía provincial, poñendo especial fincapé en levar as representacións escénicas e as proxeccións cinematográficas a aqueles espazos territoriais máis alonxados das salas de cine ou dos espazos de representación teatral.

As actuacións (en interior e/ou exterior) poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e á necesidade de complementar a programación cultural xa organizada nos concellos, centros de ensino e asociacións culturais de toda a provincia.

Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como o fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos potenciais clientes culturais do noso territorio provincial: democracia cultural.

Consideracións a ter en conta polos grupos teatrais para o circuíto teatral afeccionado.

Seren asociacións culturais legalmente constituídas da provincia de Lugo.

Non poderán formar parte deste Circuíto de Teatro Afeccionado, as escolas municipais, os grupos escolares ou universitarios e os grupos profesionais.

Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos teatrais participantes neste circuíto de teatro afeccionado existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo teatral,



quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos teatrais que se presenten a este Programa. Neste suposto deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de teatro afeccionado participante neste Circuito de Teatro afeccionado 2023.

Estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.

Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura). O grupo deberá informar á Deputación de calquera anomalía ou inconveniente que non permita desenvolver a/s actuación/s nos termos acordados. Calquera modificación/cancelación (por parte dos solicitantes ou dos grupos), terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) con toda a antelación que fose posible. En caso contrario, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (colectivos beneficiarios da actividade e grupos teatrais afeccionados) e, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas e cunha declaración responsable da persoa responsable do Concello/ Asociación Cultural ou centro de ensino conforme a mesma foi realizada a plena satisfacción.

As obras representadas serán en galego, sendo tamén este o idioma empregado na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuito de Teatro Afeccionado organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-

Os grupos teatrais terán que contar co seguro pertinente para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.

Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, etc...).

Presentar unha declaración responsable sobre os dereitos de autor, indicando:

Se a obra é de creación propia hai que indicalo, así como se está rexistrada na SGAE ou ben é de dominio público. Ademais neste caso ten que constar que o grupo de teatro ten os dereitos exclusivos de representación da obra.

Se se trata dunha adaptación hai que especificar o título da obra orixinal e o nome do autor. Neste caso hai que presentar unha declaración xurada do autor segundo a cal lle cede ao grupo os dereitos de representación da obra. Ademais nesta declaración o autor ten que indicar se está acollido á SGAE ou ben se trata dunha obra de dominio público.

Presentar unha declaración responsable de que o grupo/ou grupos pertencen á asociación que factura.

Presentar unha memoria exhaustiva sobre o grupo/s e a obra/as que se presentan neste circuito de teatro afeccionado.

Se fose o caso, os dereitos da SGAE correrán a cargo da Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).

Consideracións a ter en conta polas compañías teatrais para o circuito teatral profesional.



Seren compañías profesionais de teatro, de carácter privado.

Realizaren as actuacións nos lugares e horas asignados pola Deputación de Lugo en colaboración cos concellos/asociacións culturais e centros de ensino. En todo caso deberán informar á Deputación de calquera anomalía ou inconveniente que non permita desenvolver a/s actuación/s nos termos acordados. Calquera modificación/cancelación (por parte dos solicitantes ou das compañías), por motivos non relacionados coa situación sanitaria, terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Área de Cultura) con toda a antelación que fose posible. En caso contrario, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (colectivos beneficiados da actividade e compañías teatrais profesionais) e, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ás actuacións unha vez realizadas e coa Declaración responsable do responsable do Concello/ Asociación Cultural ou centro de ensino conforme a mesma foi realizada a plena satisfacción.

As obras representadas serán en galego, sendo tamén este o idioma empregado na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuito de Teatro Profesional organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-

Cada compañía profesional de teatro poderá ofertar para este Circuito de Teatro Profesional, 2023, as obras que considere.

As compañías profesionais de teatro terán que contar co seguro de responsabilidade civil pertinente para a realización das obras de teatro. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén no desprazamento previo e posterior ás representacións por parte dos grupos participantes neste programa.

Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, etc...).

Presentar unha declaración responsable sobre os dereitos de autor, indicando:

Se a obra é de creación propia hai que indicalo, así como se está rexistrada na SGAE ou ben é de dominio público. Ademais neste caso ten que constar que o grupo de teatro ten os dereitos exclusivos de representación da obra.

Se se trata dunha adaptación hai que especificar o título da obra orixinal e o nome do autor. Neste caso hai que presentar unha declaración xurada do autor segundo a cal lle cede ao grupo os dereitos de representación da obra. Ademais nesta declaración o autor ten que indicar se está acollido á SGAE ou ben se trata dunha obra de dominio público.

Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

Presentar un certificado actualizado de estar dado de alta no IAE.

Presentar un historial da compañía e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar, se fose o caso.

Se fose o caso, os dereitos da SGAE correrán a cargo da Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).

Consideracións a ter en conta no circuito de cinema.

Empresas de produción, distribución de servizos cinematográficos e/ou audiovisuais.

Presentar un certificado actualizado de estar dado de alta no IAE.



Realizaren as actuacións nos lugares e horas asignados pola Deputación de Lugo en colaboración cos concellos/asociacións culturais e centros de ensino. En todo caso deberán informar á Deputación de calquera anomalía ou inconveniente que non permita desenvolver a/s proxección/s nos termos acordados. Calquera modificación/cancelación (por parte dos solicitantes ou da empresa/s contratadas), por motivos non relacionados coa situación sanitaria, terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Área de Cultura) con toda a antelación que fose posible. En caso contrario, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (colectivos beneficiarios da actividade / empresas e grupos de teatro), eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

Declaración responsable de que se fan cargo dos dereitos da SGAE.

Declaración responsable de exclusividade dos dereitos para a proxección dos filmes/documentais.

Memoria da proxección: sipnose e obxectivos a acadar.

Na difusión das proxeccións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as mesmas forman parte do Circuito de Cinema organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.

As empresas terán que contar co seguro de responsabilidade civil pertinente para a realización das proxeccións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste Circuito de Cinema, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir durante a propia proxección.

Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ás proxeccións unha vez realizadas e adxuntando unha declaración responsable da persoa do Concello/Asociación Cultural ou centro de ensino conforme a mesma foi realizada a plena satisfacción.

Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, etc...)”.

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver os Circuitos Teatrais (afeccionado e profesional) e do circuito de Cinema na provincia de Lugo para a anualidade 2023.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón– se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar os Circuitos Teatrais (afeccionado e profesional) e o circuito de Cinema na provincia de Lugo para a anualidade 2023, por importe de 233.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE RENUNCIA DO CONCELLO DE CERVANTES Á ACHEGA CONCEDIDA POLO PLAN



PROVINCIAL ÚNICO 2022 PARA O PROGRAMA DE TURISMO “ENCUNTRO DE ARTESANÍA 2022”.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 28/12/2021, acordou prestar aprobación ás bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Así mesmo, o Pleno da deputación, en sesión celebrada o 05/04/2022, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2022, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da presidencia, que inclúe unha achega económica por importe de 1.675,00 € para o programa de turismo do Concello de Cervantes denominado “Encontro de artesanía 2022”. Non se tramitou ningún anticipo para o programa de turismo do Concello de Cervantes.

Logo de ver que don Benigno Gómez Tadín, en representación do Concello de Cervantes, en data 27/02/2023, --expediente 2023/PES_03/003728 -, presentou a renuncia á achega do Plan Único de 2022 concedida para o programa de turismo “Encontro de artesanía 2022”, facendo constar:

“Que debido á imposibilidade técnica e material para a execución do proxecto con totais garantías de seguridade e accesibilidade, así como á insuficiencia de medios materiais humanos durante o período no que se pretendía executar o mesmo, non foi posible levar a cabo a organización do evento proxectado, polo que non existe gasto xustificable que imputar á achega concedida.

Polo tanto comunícase a renuncia a dita achega, por causa dos condicionantes xa indicados”.

Logo de ver a normativa aplicable á solicitude de renuncia presentada, isto é:

O artigo 84 da lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas, titulado “terminación” que dispón:

“1.- “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

2. (...)”.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” que sinala:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación fiu formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. (...)”.

A Base 18 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, que determina, en canto á renuncia que:

“Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”.

Logo de ver o informe do servizo de turismo favorable á renuncia presentada polo Concello de Cervantes por considerar que reúne os requisitos legais para a aceptación da mesma.



Con base ao exposto propoño que, pola Xunta de Goberno en virtude dos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas, así como da base número 18 do Plan Provincial Único de 2022, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar a renuncia do Concello de Cervantes á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2022, concedida por importe de 1.675,00 € para o programa de turismo denominado “Encontro de artesanía 2022”, e declarar concluso o procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2023, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que entre as competencias atribuídas pola lexislación do deporte de Galicia, a de réxime local e a lexislación sectorial do Estado ás deputacións, estaría o fomento, promoción e difusión do deporte, así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial e tendo en conta a importancia do papel que as entidades deportivas sen ánimo de lucro teñen nesa actuación do fomento da práctica deportiva.

Visto que a actuación que se promove pretende favorecer o labor que desenvolven os clubs e entidades deportivas no campo da promoción deportiva nos distintos niveis de competición e eventos nas diferentes disciplinas deportivas, afondando así mesmo no achegamento da poboación ao deporte.

Visto que a presente liña de axudas se insire nos obxectivos recollidos no vixente Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 Deportes (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023), e busca promover ente outros obxectivos específicos:

1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.

(...)

4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.

(...)

12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.

(...)

15) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan a participación en competicións regulares oficiais.

16) Apoiar as actividades e a participación dos clubs da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais de ámbito lucense, galego, estatal ou internacional.

(...)

18) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan como actividade principal a participacións en competicións organizadas.

(...)

21) Acadar maior estabilidade na estrutura das entidades deportivas.

Visto que o importe destinado para a concesión de axudas a entidades e clubs deportivos en réxime de concorrência competitiva para a presente anualidade 2023 obxecto da convocatoria, será de seiscientos mil euros (600.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2023, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 Deportes.



Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos, ano 2023.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de seiscientos mil euros (600.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2023, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma. Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 Deportes.

3º.- Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUN MAQUINISTA-CONDUTOR, FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que a Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 24 de febreiro de 2023, comunica que lle foi recoñecida a D. César Antonio Castelo Mosquera unha incapacidade permanente no grao de Total, con efectos económicos do día 23 de febreiro de 2023.

Resultando que D. César Antonio Castelo Mosquera, Maquinista- Conductor, funcionario interino, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Considerando que o artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A Dirección Provincial de Lugo do INSS establece literalmente:

“O Instituto Nacional da Seguridade Social informa que: con data 24-02-2023, resolveu recoñecer unha incapacidade permanente no grao total a D. César Antonio Castelo Mosquera con NAF 36/00802362/95.

Infórmase que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 23-02-2023.

Infórmase, a efectos de reserva de posto de traballo, que se procederá a instar o procedemento de revisión previsible por previsible melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, de acordo disposto no artigo 48.2 Estatuto dos Traballadores”.

A referencia feita pola Resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación deste funcionario interino coa entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apto para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinale a lexislación administrativa, concretamente o EBEP, que no seu artigo 68.1 sinala:

1.- En caso de extinción da relación de servizos como consecuencia de perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o interesado, unha vez



desaparecida a causa obxetiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida.

(...)

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) “b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas función”.

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Por todo elo, vistos os informes dos servizos, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de D. César Antonio Castelo Mosquera con efectos económicos do día 23 de febreiro de 2023, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao traballador e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE ADMINISTRATIVO/A.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que é necesario ampliar a listaxe de emprego temporal de Administrativo/a, ao obxecto de contar con persoal dispoñible que poda incorporarse a prestar servizos, cando se dean as circunstancias de necesidade e urxencia nos diferentes servizos e así xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de Administrativo/a, grupo C – subgrupo C1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso contratacións de persoal laboral segundo o art. 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020) e



publicadas así mesmo na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º.- Aprobado as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TRABALLADOR/A SOCIAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que na vixente listaxe de emprego temporal de Traballador/a Social neste momento existen moi poucos efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de Traballador/a Social, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.



6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE CUMPRIMENTO DOS DECRETOS DE 13 DE FEBREIRO DE 2023 EN RELACIÓN AO RECURSO DE CASACIÓN 4861/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº151/2022, de data 22 de abril, ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Procedemento Ordinario 7274/2020 e 7043/2021 (acumulados) seguido a instancia desta entidade *“contra el acuerdo del Xurado de Expropiación de Galicia de 12.03.20, que fijó el justiprecio de la finca denominada “Redondelo”, que les expropió por ministerio de la ley a doña María Luisa Rodríguez Viador, doña María José Lamela Rodríguez, don Manuel Luis Lamela Rodríguez y doña Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, y por la representante procesal de éstos, contra el acuerdo de ese órgano colegiado de 19.11.20, que desestimó el recurso de reposición que formularon frente al acuerdo de justiprecio”.*

Visto o fallo da devandita Sentenza no que se sinala o seguinte:

“Desestimar el recurso de contencioso-administrativo interpuesto por la representante procesal de la Diputación Provincial de Lugo, contra el acuerdo del Xurado de Expropiación de Galicia de 12.03.20, que fijó el justiprecio de la finca denominada “Redondelo”, que les expropió por ministerio de la ley a doña María Luisa Rodríguez Viador, doña María José Lamela Rodríguez, don Manuel Luis Lamela Rodríguez y doña Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, así como el interpuesto por la representante procesal de éstos contra el acuerdo de ese órgano colegiado de 19.11.20, que desestimó el recurso de reposición que formularon frente al acuerdo de justiprecio; en consecuencia, confirmamos ambos acuerdos y les imponemos a ambas partes

vencidas el pago de las costas causadas al departamento autonómico, hasta un máximo de 1.200,00 euros a cargo de cada una de ellas.”

Visto que, fronte á devandita Sentenza, a Deputación presentou escrito de preparación de recurso de casación autonómico e escrito de preparación de recurso de casación estatal.

Vista a Providencia de data 8 de xuño de 2022 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia na que se acorda a suspensión da tramitación do recurso de casación autonómico mentres non se resolva sobre o recurso de casación estatal.

Vista, por outro lado, a Providencia de data 11 de xaneiro de 2023 da Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo na que acorda a inadmisión a trámite do recurso de casación nº4861/2022 preparado pola Deputación, con imposición de custas á parte recorrente; sinala neste punto o seguinte : *“Conforme al art. 90.8 LJCA se imponen las costas procesales a la parte recurrente, cuyo límite cuantitativo máximo, por todos los conceptos, se fija en 1.500 euros, más IVA si procede, en favor de la parte recurrida y personada que se ha opuesto a la admisión (D.ª María Luisa Rodríguez Viador, D.ª Estefanía Penélope, D.ª María José, D.ª María Luisa y D. Manuel Luis Lamela Rodríguez) y en 500 euros, más IVA si procede, en favor la parte recurrida y personada que no se ha opuesto en este trámite (Xunta de Galicia).”*

Vistos, por último, os seguintes Decretos da Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo:

Decreto de 13 de febreiro de 2023 ditado pola dita Sala no RCA 4861/2022 no que acorda aprobar a taxación de custas practicada neste recurso que ascende á cantidade de 500 euros a favor da Xunta de Galicia e a cuxo pago foi condenada a Deputación de Lugo.

Decreto de 13 de febreiro de 2023 ditado pola mesma Sala no devandito Recurso de Casación no que se acorda aprobar a taxación de custas practicada neste recurso que ascende á cantidade de 1.815 euros a favor de Dª María Luisa Rodríguez Viador, Dª Estefanía Pelélope Lamela Rodríguez, Dª María José Lamela Rodríguez, Dª María Luisa Lamela Rodríguez e D. Manuel Luis Lamela Rodríguez e a cuxo pago foi condenada esta entidade.



Vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento das cantidades antes indicadas comunicada polo Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto á Xunta de Goberno dáse conta da devandita Sentenza ós efectos oportunos e proponse a adopción do seguinte acordo:

O ingreso da cantidade de 500 euros en concepto de custas a favor da Xunta de Galicia, así como o ingreso de 1.815 euros no mesmo concepto a favor de D^a María Luisa Rodríguez Viador, D^a Estefanía Pelélope Lamela Rodríguez, D^a María José Lamela Rodríguez, D^a María Luisa Lamela Rodríguez e D. Manuel Luis Lamela Rodríguez na conta indicada nos devanditos Decretos de 13 de febreiro de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da Sentenza nº208/2021, de 6 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 408/2019 e Sentenza nº745/2022, de 13 de outubro, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Recurso de Apelación nº631/2021 e do decreto de data 7 de febreiro de 2023.

Dase conta no Procedemento Abreviado 408/2019 seguido a instancia de D. José Claudio López López fronte á desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra o listado definitivo para a provisión de dous postos de traballo de funcionario, Adjuntía Xefatura Parque Móbil da Deputación, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº208/2021, de data 6 de setembro cuxo fallo é o seguinte:

“1.-Desestimar el recurso contencioso-administrativo promovido por el Letrado Sr. Fouz Hernández, en la representación indicada, contra la Diputación Provincial de Lugo y contra el codemandado D. Manuel Pillado Rego, en relación a lo que constituye el objeto del procedimiento, que obra descrito en el FD primero.

2.-Imponer las costas procesales de conformidad como establece el FD Tercero.

3.-Notifíquese esta Sentencia a las partes, haciéndoles saber, que, contra la misma, cabe interponer recurso ordinario de apelación.”

Fronte á dita Sentenza a representación procesual de D. José Claudio López López interpon recurso de apelación – sustanciado co número 631/2021 – que é resolto pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través da Sentenza nº 745/2022, de 13 de outubro, que resolve o que segue:

“Estimar parcialmente el recurso de apelación interpuesto por D. José Claudio López López contra la sentencia nº 208/21 , de fecha 6 de septiembre de 2021, del Juzgado de lo contencioso-administrativo nº 2 de Lugo, dictada en el PA 408/2019, la cual , en consecuencia se revoca en lo relativo a la condena en costas al demandante.

No imponer las costas en ninguna de las instancias, debiendo cada parte asumir las propias y las comunes por mitad, si las hubiera.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del Tribunal Supremo o ante la Sala correspondiente de este Tribunal Superior de Justicia, siempre que se acredite interés casacional. Dicho recurso habrá de prepararse ante la Sala de instancia en el plazo de TREINTA días, contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre, en escrito en el que se de cumplimiento a los requisitos del artículo 89 de la Ley reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Para admitir a trámite el recurso, al prepararse deberá constituirse en la cuenta de depósitos y consignaciones de este Tribunal (1570-0000-85-0631-21), el depósito al que se refiere la Disposición Adicional Decimoquinta de la Ley Orgánica 1/2009, de 3 de noviembre (BOE núm. 266 de 4/11/09); y, en su momento, devuélvase el expediente administrativo a su procedencia, con certificación de esta resolución.”

Visto o Decreto de data 7 de febreiro de 2023 ditado pola dita Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia cuxa parte dispositiva acorda o seguinte:

“Declarar firme la Sentencia dictada.

Unir certificación literal de la resolución a las actuaciones y, firme la presente, devolver las mismas al Órgano Judicial correspondiente, que dictó la resolución en primera instancia, interesándose acuse de recibo.



Una vez recibido, archivar el presente procedimiento, dejando nota de ello en el libro de secretaría correspondiente.” A Xunta de Goberno queda enterada.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.